



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CD2IMP000200	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0848	Peiteado e estilismo masculino	2024/2025	3	80	96

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA VARELA PENA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Peiteado e estilismo masculino (MP0848) pertence ás cualificacións profesionais completas incluídas no título: Peiteado, IMP119_2 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro), polo que se adquire un nivel profesional de grao medio.

De acordo o establecido no artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, este Módulo profesional (MP0848) Peiteado e estilismo masculino acredita ao alumnado a unidade de competencia, UC0351_2: Cortar o cabelo e realizar o arranxo e o asurado de barba e bigote.

Este módulo capacita ó alumnado para exercer a súa actividade en pequenas e medianas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, particularmente en establecementos do sector servizos persoais, concretamente de peiteados e barbería, establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, realizando servizos de peiteados, asesoramento e atención a clientela así como comercialización de produtos e servizos estéticos. Podería ser traballador por conta propia organizando a súa propia empresa.

O currículo que se establece desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociado a cada resultado de aprendizaxe establécense unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

Como orientacións pedagóxicas Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de realización de técnicas de barbaría e estilismo facial masculino. A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Preparación do posto de traballo.
- Realización de técnicas previas ao rasurado da barba.
- Aplicación de técnicas asociadas ao estilismo facial masculino.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Procesos de arranxo e rasurado de barba e bigote.
- Procesos de estilismo masculino.
- Procesos de corte do cabelo masculino.

Contorno profesional:

1. As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en empresas de imaxe persoal dedicadas aos procesos de peiteado de uso social, onde desenvolve tarefas de prestación de servizos, comercialización, aprovisionamento, calidade, protección fronte a riscos e control de efluentes e residuos. Adoitan actuar por conta allea, integrándose en equipos de traballo con persoas cun nivel de cualificación igual, inferior ou superior.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Peiteador/ora.
- Barbeiro/a.
- Técnico/a en coloracións capilares.



- Técnico/a en cambios de forma do cabelo.
- Técnico/a en corte de cabelo.
- Técnico/a en postizaría.
- Técnico/a en manicura.
- Técnico/a en pedicura.
- Técnico/a ou axente comercial de empresas do sector.
- Recepcionista en empresas de peiteado.
- Demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas de peiteado

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O posto de traballo. Organización. Ferramentas. Atención á clientela O profesional .Normas de seguridade e hixiene	Introducción o salón de peiteado e barbería. Distribución do salón. Acondicionamento das instalacións. Mobiliario. Útiles, Ferramentas propoas do módulo. Atención presencial e telefónica á clientela. Comunicación verbal e non verbal. O profesional: aptitudes, imaxe, hábitos posturais. Coordinación do equipo profesional. Seguridade e hixiene do salón, do profesional e da clientela. <u>Métodos de limpeza, desinfección e esterilización.</u>	9	8
2	Corte de cabelo masculino	Clasificación de técnicas e estilos de corte masculino. Visaxismo no deseño do corte de cabelo.Acabamentos de diferentes estilos de peiteados dentro dun mesmo corte de cabelo e os diferente estilos de corte.	35	35
3	Deseño de barba e bigote	Pautas da análise do rostro a través do visaxismo. Correccións das desproporcións estéticas no rostro a través da barba e o bigote. Deseño de bosquexos con estilismos de barba e bigote. Programas de tratamento da imaxe a través de medios informáticos. Cambios de imaxe do rostro masculino mediante transformación de barba e bigote. Técnicas para diminuír a densidade pilosa da barba e do bigote. Tesoira, navalla ou máquina para delimitar o contorno da barba e/ou o bigote. Resultado do arranxo de barba e o bigote coas expectativas establecidas.Avaliación do resultado e a súa simetría	24	20
4	O rasurado	Características do pelo da barba e do bigote. Alteracións estéticas na zona. Medidas de atención y protección clientela. Técnicas de preparación da pel antes do rasurado. Tratamentos estéticos previos ao rasurado. Masaxe específico para preparar a pel. Técnicas para o rasurado: navalla, máquinas dun só uso, máquinas eléctricas, etc. Utensilios e cosméticos para a humectación da barba. Manexo da brocha e/ou cosméticos segundo o modo e a orde de execución. Uso da navalla seguindo criterios de seguridade. Máquinas dun só uso e eléctricas. Manobras do rasurado na orde establecida. Técnicas de finalización de rasurado. Tratamentos posteriores ao rasurado. Medidas de actuación en caso de emerxencias ou reaccións inesperadas por irritacións, alerxias ou cortes.	22	32
5	Técnicas complementarias no estilismo masculino	Técnicas depilación facial masculina. Definición e acabamentos patillas, pescozo e a calugo. Cambios de cor e acabamentos de fantasía.	6	5



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O posto de traballo. Organización. Ferramentas. Atención á clientela O profesional .Normas de seguridade e hixiene	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica e prepara a zona de traballo, organizando medios, utensilios, ferramentas e persoal para a realización dos procesos de estilismo, en condicións de seguridade e hixiene.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Recoñécronse os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, etc.) como factor de calidade do servizo.
CA1.3 Mantivéronse as instalacións e os espazos en condicións de seguridade e hixiene.
CA1.4 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.
CA1.5 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
CA1.7 Identifícanse as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de estilismo.
CA1.8 Descríbonse as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA1.11 Identifícanse as posturas corporais adecuadas para previr accidentes e lesións profesionais.
CA1.13 Recoñeceuse a importancia da utilización de material dun só uso.
CA1.14 Manexáronse con destreza os utensilios, os aparellos e os cosméticos.
CA1.17 Respetáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.



Criterios de avaliación

CA1.17.1 Respetáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores na preparación dos espazos de traballo

4.1.e) Contidos

Contidos

Manexo e conservación dos cosméticos

Medidas de prevención de riscos: medidas de protección do profesional; hixiene postural. Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene e desinfección.

Manipulación, aplicación, mantemento e conservación dos cosméticos: criterios de selección dos produtos utilizados no estilismo masculino. Efectos, indicacións e contraindicacións. Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.

Manexo e conservación de utensilios, lenzaría e ferramentas: clasificación e descrición.

Mantemento e limpeza.

Factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor etc.)

Posto de traballo: características e distribución da moblaxe. Butaca de barba: tipos e descrición.

Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos).

Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.

Recepción e atención á clientela para o proceso de estilismo. Normas para a primeira cita.

Instrumentos de identificación das necesidades e demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.

Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de estilismo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Corte de cabelo masculino	35



4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica e prepara a zona de traballo, organizando medios, utensilios, ferramentas e persoal para a realización dos procesos de estilismo, en condicións de seguridade e hixiene.	NO
RA6 - Aplica técnicas asociadas ao estilismo facial masculino, diferenciando formas de realización e efectos conseguidos.	NO
RA7 - Realiza corte e acabado de cabelo, integrando técnicas de estilismo masculino.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Acondicionáronse as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso.
CA1.1.2 Acondicionáronse as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso de corte do cabelo e estilismo
CA1.6 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.6.1 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial nos procesos de corte de cabelo
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.
CA1.9.1 Coidouse a imaxe do persoal profesional nos procesos de corte de cabelo
CA1.15 Aplicáronse os métodos máis adecuados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para os procesos de estilismo.
CA1.15.1 Aplicáronse os métodos máis adecuados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para os procesos de corte e estilismo
CA1.17 Respetáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA1.17.2 Respetáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores no proceso de corte
CA6.2 Configuráronse patillas e acabamentos do pescozo e a caluga.
CA6.4 Aplicáronse técnicas de definición de acabado do pescozo e as patillas.



Criterios de avaliación
CA6.5 Verificouse o resultado a través da súa simetría.
CA7.1 Definíronse os estilos de corte masculino.
CA7.2 Seleccionouse a técnica segundo os utensilios de corte.
CA7.3 Configurouse o corte en función das características do cabelo e a morfoloxía de rostro e do cranio.
CA7.4 Establecéronse os parámetros para a realización do corte.
CA7.5 Realizouse o corte de cabelo segundo os criterios establecidos.
CA7.6 Establecéronse os criterios de selección dos produtos específicos para conseguir o acabado pretendido.
CA7.7 Realizáronse acabamentos e peiteados masculinos.

4.2.e) Contidos

Contidos
OMedidas de prevención de riscos: medidas de protección do profesional; hixiene postural. Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene e desinfección. Manipulación, aplicación, mantemento e conservación dos cosméticos: criterios de selección dos produtos utilizados no estilismo masculino. Efectos, indicacións e contraindicacións. Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización. Mantemento e limpeza. Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos). Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal. Importancia do traballo en equipo. Avaliación do resultado e a súa simetría Definición e acabado do pescozo e as patillas: procedemento de traballo; precaucións. Produtos e cosméticos específicos: uso, criterios de selección e conservación Estilos de corte masculino: clasificación e descrición.



Contidos
Técnicas de corte masculino: clasificación; criterio de selección de técnicas; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
Configuración do corte: aplicación de medidas e proporcións en función da característica do cabelo e a morfoloxía de rostro e o cranio.
Parámetros para a realización: utensilios, orde e formas de execución.
Realización de acabamentos. Estilos de peiteados masculinos: tipos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Deseño de barba e bigote	24

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica e prepara a zona de traballo, organizando medios, utensilios, ferramentas e persoal para a realización dos procesos de estilismo, en condicións de seguridade e hixiene.	NO
RA2 - Deseña estilos de barba e bigote, utilizando técnicas de visaxismo e de tratamento da imaxe.	SI
RA3 - Realiza o arranxo de barba e o bigote, utilizando os medios técnicos e os utensilios adecuados.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Acondicionáronse as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso.
CA1.1.3 Acondicionáronse as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso de arranxo de barba e bigote
CA1.6 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.6.2 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial nos procesos de arranxo de barbas e bigotes
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.



Criterios de avaliación
CA1.9.2 Coidouse a imaxe do persoal profesional nos procesos de arranxo de barba e bigote
CA1.12 Seleccionáronse os cosméticos en función da técnica de peiteado e barbaría.
CA1.12.2 CA1.12 - Seleccionáronse os cosméticos en función da técnica de raxurado
CA1.15 Aplicáronse os métodos máis adecuados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para os procesos de estilismo.
CA1.15.2 Aplicáronse os métodos máis adecuados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para os procesos arranxo de barba e bigote
CA1.16 Aplicouse a normativa actual para o control de residuos e utensilios cortantes.
CA1.16.1 Aplicouse a normativa actual para o control de residuos e utensilios cortantes nos procesos de arranxo de barba e bigote
CA1.17 Respetáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA1.17.3 Respetáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores no proceso de arranxo da barba e bigote
CA2.1 Establecéronse as pautas de análise do rostro a través do visaxismo.
CA2.2 Caracterizáronse estilos de barba e bigote.
CA2.3 Determináronse as correccións das desproporcións estéticas no rostro a través da barba e o bigote.
CA2.4 Deseñáronse bosquejos con estilismos de barba e bigote.
CA2.5 Caracterizáronse os programas de tratamento da imaxe a través de medios informáticos.
CA2.6 Propuxéronse cambios de imaxe do rostro masculino mediante transformación de barba e bigote.
CA3.1 Establecéronse medidas de acomodación e protección persoal atendendo a criterios de confortabilidade e seguridade.
CA3.2 Seleccionáronse as técnicas para diminuír a densidade pilosa da barba e do bigote.
CA3.3 Describiuse e aplicouse o procedemento para diminuír a densidade pilosa da barba e o bigote.



Criterios de avaliación
CA3.4 Utilizouse tesoir, navalla ou máquina para delimitar o contorno da barba e/ou o bigote.
CA3.5 Comparouse o resultado do arranxo de barba e o bigote coas expectativas establecidas.
CA3.6 Seleccionáronse técnicas de finalización do proceso de arranxo de barba e bigote.
CA3.7 Realizouse a avaliación do resultado e a súa simetría.

4.3.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención de riscos: medidas de protección do profesional; hixiene postural. Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene e desinfección. Manipulación, aplicación, mantemento e conservación dos cosméticos: criterios de selección dos produtos utilizados no estilismo masculino. Efectos, indicacións e contraindicacións. Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización. Mantemento e limpeza. Normativa actual de control de residuos e utensilios cortantes. Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos). Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal. Importancia do traballo en equipo. Harmonía do rostro. Aplicación de técnicas de visaxismo e morfoloxía do rostro. Estilos básicos de barba e bigote: clasificación e descrición. Corrección das desproporcións ou discordancias estéticas do rostro a través da barba e bigote. Deseño de estilos a través de bosquejos: deseño manual e a través dos medios informáticos. Medidas de acomodación e protección. Preparación e protección da clientela. Manexo tesoir, navalla ou máquina para delimitar o contorno da barba e/ou o bigote. Técnica de diminución da densidade pilosa de barba e bigote. Procedemento, fases e pautas de aplicación. Factores que interveñen na aplicación. Técnica de delimitación e contorno da barba e bigote. Descrición. Parámetros para a realización das manobras. Os retoques. Técnicas de finalización do proceso de arranxo de barba e bigote.



Contidos
Avaliación do resultado e a súa simetría.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O rasurado	22

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica e prepara a zona de traballo, organizando medios, utensilios, ferramentas e persoal para a realización dos procesos de estilismo, en condicións de seguridade e hixiene.	NO
RA4 - Realiza técnicas previas e coidados complementarios ao rasurado, relacionando as características da pel cos tratamentos estéticos adecuados.	SI
RA5 - Aplica técnicas de rasurado da barba, interpretando o procedemento de traballo e seguindo as condicións hixiénico-sanitarias.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Acondicionáronse as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso.
CA1.1.1 Acondicionáronse as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso de rasurado e estilismo
CA1.6 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.6.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial nos procesos de rasurado
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.
CA1.9.3 Coidouse a imaxe do persoal profesional no raxurado
CA1.10 Aplicáronse as medidas de protección e seguridade do profesional.



Criterios de avaliación
CA1.12 Seleccionáronse os cosméticos en función da técnica de peiteado e barbaría.
CA1.12.1 CA1.12 - Seleccionáronse os cosméticos en función da técnica de peiteado de barba e bigote
CA1.15 Aplicáronse os métodos máis adecuados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para os procesos de estilismo.
CA1.15.3 Aplicáronse os métodos máis adecuados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para os procesos de raxurado
CA1.16 Aplicouse a normativa actual para o control de residuos e utensilios cortantes.
CA1.16.2 Aplicouse a normativa actual para o control de residuos e utensilios cortantes nos procesos de raxurado
CA1.17 Respetáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA1.17.4 Respetáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores no proceso de raxurado
CA4.1 Determináronse as características do pelo da barba e do bigote.
CA4.2 Identificáronse alteracións estéticas na zona.
CA4.3 Establecéronse as medidas de atención á clientela.
CA4.4 Especificáronse as medidas de protección á persoa usuaria.
CA4.5 Xustificáronse as técnicas de preparación da pel antes do rasurado.
CA4.6 Aplicáronse tratamentos estéticos previos ao rasurado.
CA4.7 Aplicouse masaxe específico para preparar a pel.
CA5.1 Seleccionáronse as técnicas para o rasurado: navalla, máquinas dun só uso, máquinas eléctricas, etc.
CA5.2 Seleccionáronse utensilios e preparáronse os cosméticos para a humectación da barba.
CA5.3 Manexouse a brocha e/ou cosméticos segundo o modo e a orde de execución.



Criterios de avaliación
CA5.4 Manexouse a navalla seguindo criterios de seguridade.
CA5.5 Manexáronse adecuadamente as máquinas dun só uso e eléctricas.
CA5.6 Executáronse as manobras do rasurado na orde establecida.
CA5.7 Determináronse as técnicas de finalización de rasurado.
CA5.8 Aplicáronse tratamentos posteriores ao rasurado.
CA5.9 Formuláronse medidas de actuación en caso de emerxencias ou reaccións inesperadas por irritacións, alerxias ou cortes.

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención de riscos: medidas de protección do profesional; hixiene postural. Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene e desinfección. Manipulación, aplicación, mantemento e conservación dos cosméticos: criterios de selección dos produtos utilizados no estilismo masculino. Efectos, indicacións e contraindicacións. Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización. Mantemento e limpeza. Normativa actual de control de residuos e utensilios cortantes. Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos). Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal. Importancia do traballo en equipo. Alteracións estéticas na zona Análise da pel e o pelo para os procesos de barbería. Análise das características do pelo nos procesos de barbería. Análise das Alteracións da pel para os procesos de barbería Preparación, atención e protección da clientela.



Contidos
Técnicas específicas preafeitado: tipos e criterio de selección de técnicas. Tratamentos estéticos previos ao rasurado: tipos, descrición e pautas de realización. Masaxe preafeitado: características e técnicas de realización. Técnica de humectación da barba: utensilios e cosméticos; movementos da brocha; orde de execución. Técnica do rasurado ou apurado da barba con navalla: características e técnicas de realización. Movementos e afiadura da navalla. Parámetros para a realización das manobras. Outras técnicas de rasurado: con máquinas dun só uso e eléctricas, etc. Técnicas de finalización do afeitado: criterios de selección de técnicas manuais, cosméticas e electroestéticas. Precaucións. Protocolos de actuación en caso de emerxencia ou reaccións inesperadas por irritacións, alerxias ou cortes.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Técnicas complementarias no estilismo masculino	6

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica técnicas asociadas ao estilismo facial masculino, diferenciando formas de realización e efectos conseguidos.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Seleccionáronse técnicas para a depilación de células e outras zonas faciais.
CA6.3 Seleccionáronse a técnica e os utensilios adecuados.
CA6.5 Verificouse o resultado a través da súa simetría.



Criterios de avaliación
CA6.6 Realizáronse cambios de cor en estilos masculinos.
CA6.7 Utilizáronse produtos e materiais adecuados.
CA6.8 Seleccionáronse técnicas para realizar acabamentos de fantasía.
CA6.9 Deseñáronse estilos masculinos innovadores.

4.5.e) Contidos

Contidos
Mantemento e limpeza. Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos). Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal. Importancia do traballo en equipo. Depilación facial masculina: zonas e métodos de aplicación; vantaxes e inconvenientes; precaucións. Cambios de cor no estilo masculino. Medidas de protección e reparación da pel. Criterio de selección de técnicas e cosméticos. Vantaxes e inconvenientes; precaucións. Acabamentos de fantasía en estilo de barba e bigote.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os MÍNIMOS ESIXIBLES para acadar a avaliación positiva no presente módulo evidenciarán a consecución de todo os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades que se desenvolverán ao longo do curso. Polo tanto, para poder superar o módulo, o alumnado deberá demostrar a adquisición das Competencias Profesionais a través dos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais reflectidos nos Criterio de Avaliación considerados mínimos esixibles para esta programación. Neste caso, establécense como mínimos esixibles todos os Criterios de Avaliación (CA), indicados en cada unha das Unidades Didácticas (UD) e vinculados aos Resultados de Aprendizaxe (RA) correspondentes.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN



A cualificación desenvolverase ao longo de 3 avaliacións, do seguinte xeito:

Co obxecto de avaliar ó alumnado, emitirase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente, que será a media ponderada das cualificacións obtidas ó longo do trimestre. Para acabar a cualificación positiva o alumnado deberá obter un 5 sobre 10, ou de ser o caso a media da nota asignada en cada unha das partes a avaliar, de non ser o caso o alumnado terá esa parte suspensa e polo tanto a avaliación suspensa.

Para avaliar se se acadou a cualificación positiva trimestral do módulo disporase dunha serie de instrumentos de avaliación que estarán relacionados cos Criterios de Avaliación que se empregarán para avaliar

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Probas escritas (coñecementos) . Avaliarán os contidos conceptuais e realizaranse a través de preguntas curtas ou longas a desenrolar, probas orais, realización de debuxos ou esquemas.
- Probas prácticas :

Avalarán os desempeños e a produción:

Empregaranse táboas de indicadores onde os CA terán un mínimo, un medio e un máximo, onde o 5 será a nota mínima para acadar a avaliación positiva ou de ser o caso a media da nota asignada a proba. Faranse sobre fichas de traballo, tarefas e probas prácticas na aula taller (versarán na execución de rasurado e arranxo de barba, cortes de cabelo e estíñismo masculino, tendo en conta as medidas de seguridade e hixiene, desinfección e esterilización nos procesos) e actividades teórico-prácticas.

Empregaranse táboas de observación que: avaliarán os desempeños do alumnado nas tarefas relacionadas co traballo en equipo, valoracións sobre a orde de traballo, valores, actitudes e autoxestión; para acadar a avaliación positiva destes empregaranse os CA que se terán que subdividir e se lle dará un valor do 1 o 10 onde o 5 será a nota mínima para acabar a avaliación positiva do CA a avaliar.

A ponderación dos Instrumentos de Avaliación na nota final será:

	UD1	UD2	UD3	UD4	UD5	TOTAL
Peso das UD (%)	8%	35%	20%	32%	5%	100%
Probas escritas	59 %	3 %	12 %	14 %	0 %	17,6 %
Probas de produción	27 %	78 %	69%	67 %	100 %	68,2 %
Probas de desempeño	14 %	19 %	19 %	19 %	0 %	14,2 %

-A cualificación final do módulo que coincide coa avaliación final, será a media ponderada das tres avaliacións.

.*Se o alumnado non realiza algunha proba ou parte desta ,será cualificado cun 0 nesa parte ou cun 1 se se trata dá avaliación. Este mesmo criterio establecerase si o alumnado utiliza métodos ou técnicas incorrectas , tales como copiar nas probas escritas.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

DAS PARTES NON SUPERADAS:

O alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os Criterios de Avaliación mínimos esixibles.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de recuperación:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise do traballo entregado e resolución de dúbidas nas horas de clase practicando os traballos de maior dificultade para o alumno/a.
- As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.
- De toda as probas que se suspendan, farase una recuperación ó longo da avaliación seguinte.

Débese recalcar que, para o correcto desenvolvemento do módulo, faise imprescindible a asistencia continuada ás clases.



MÓDULO NON SUPERADO

-Módulo non superado na terceira avaliación: neste caso deixarase entre a terceira avaliación e a avaliación final de módulos de curso un período destinado á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes. Elaborase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación e a súa temporalización.

-O alumno/a pasa de curso co módulo pendente, elaborárase un informe individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe. O alumnado será informado ó inicio de curso das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que será avaliado. A avaliación deste módulo pendente de 1º curso levarase a cabo coa avaliación final ordinaria de 2ª curso.

- Módulo pendente durante a terceira avaliación de segundo curso (período ordinario de FCT), caso de ter suspendido na avaliación previa a FCT, programáranse actividades para a súa recuperación, e informaráselle do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado ten dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulo, de acordo co establecido no artigo 25.5da Orde do 12 de xulio de 2011. Esta proba abarcará a totalidade da materia vista durante o curso tanto dos coñecementos como produción.

Será una proba teórico-práctica: Duración: 3 horas da proba:

Parte a) Proba escritas, que computará o 20% da nota.

Parte b) Proba práctica do módulo que computará o 80% da nota, a proba versará sobre:

- Selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles, cosméticos e modelos para realizar o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene idóneas.
- Realización práctica dun arranxo de barba e bigote.
- Realización práctica dun protocolo de rasurado.
- Realización dun corte de cabelo en cabaleiro.
- Depilación de cellas.

O/a alumno/a deberá traer un modelo para poder realizar a proba e o material necesario. Deberase superar a proba escrita para poder realizar a continuación a proba práctica.

A Proba da Avaliación Extraordinaria, deberá ser avaliado positivamente cun mínimo dun 5 sobre 10 en todas e cada unha das súas partes para acadar a avaliación positiva no módulo.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Avaliarase cando o indique o calendario de seguimento de avaliación proporcionado pola xefatura de estudos.

- Actividades de aula e online desenvoltas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que entre outros temas, se tratará a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademáis, en reunión de departamento ó longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase a primeira sesión de avaliación do equipo docente de carácter orientativo que se realizará e terá como obxectivo coñecer as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos.

Nesta sesión o profesor Titor facilitará a información das características xerais persoais do grupo. Dita información pode proceder:

- Dos informes de estudos cursados previamente
- Detención de alumnos con problemas de aprendizaxe, rendemento.
- . Alumnos con medidas de reforzo ou adaptación do currículo.
- Da experiencia profesional previa
- Da observación do alumnado nas primeiras semanas do curso, convivencia e relación.
- Intercambios de información entre profesores.
- Alumnos repetidores
- medidas relacionadas co comportamento, control de asistencia

Os acordos que se acaden nesta sesión de avaliación recolleranse nunha acta de Reunión de Ciclo.

Dita avaliación non levará consigo cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Nota: ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

Cada unidade didáctica requirirá da aplicación dos conceptos e procedementos das anteriores e vai a manterse durante a duración do módulo a repetición constante dos contidos polo que en todo momento se están consolidando, reforzando e ampliando.

Dentro do grupo pode haber alumnos que non consigan os obxectivos das actividades ou polo contrario que acadan sobradamente os obxectivos previstos.

Para cada actividade procurárase ofrecer tres posibilidades:

- Unha común para todos os alumnos co fin de asimilar os contidos mínimos.
- Unha máis complexa para o alumno que alcanza os obxectivos previstos e coa finalidade de profundizar nos coñecementos adquiridos.
- Unha máis sinxela, cunha metodoloxía secuenciada para que aquel alumno que non acade os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño aos fins propostos

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ALUMNOS CON NEE

- Metodoloxía diversa
- Enfocar ou presentar determinados contidos diferenciando todos aqueles elementos que resultan esenciais e básicos dos que se amplían ou profundizan, considerando esenciais os mínimos esixibles.
- Proposta de actividades diferenciadas
- Preparar actividades diversas para traballar os contidos fundamentais, graduando as tarefas de forma que todos alumnos poidan atopar espazos de resposta mas ou menos amplos. Un exemplo podería ser flexibilizar as relacións nos proxectos deixando a posibilidade de outros alternativos que contemplan os contidos esenciais.
- Material didáctico non homoxéneo
- Propoñer actividades que respondan a distintos grados de aprendizaxe, tanto no desenvolvemento dos contidos como na fase de realización dos traballos.
- Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes
- Subdividir o grupo xeral en pequenos grupos que sexan homoxéneos no nivel de partida para os que sexa mas sinxelo axustar a axuda ás necesidades específicas de cada grupo.
- A organización de grupos de traballo permite que o alumno poida realizar tarefas diferenciadas, propoñer distintas actividades de reforzo ou profundización e fomentar a cooperación.

-

Todo o alumnado que presente algunha discapacidade TDHa, dislexía... seguiranse as directrices que indique a orientadora do centro educativo

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos (referencias transversais) a Educación Medioambiental (reciclaxe produtos, aforro auga e luz) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (tanto alumnos e alumnas poden elaborar o mesmo traballo conseguindo os mesmos resultados). Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes.

A tolerancia trata basicamente o respecto, por tanto, e debido ao contacto humano que ofrece a nosa profesión proporanse os seguintes obxectivos:

- respecto e solidariedade polas persoas que nos rodean, xa sexan compañeiros ou clientes
- non discriminar a ninguén por razóns de idade, raza, relixión, ou diferenzas individuais (económicas, ideolóxicas, físicas...)
- trato cortés e dilixencia cos clientes e membros da comunidade educativa, aplicando a deontoloxía profesional

A transición á vida adulta e os inconvenientes que atopan os alumnos/as na súa incorporación á vida laboral, e debido a que nos atopamos nun ciclo técnico profesional, propoñer algúns obxectivos que lle faciliten o contacto con este ou ben a continuidade nos estudos:

- facilitarase a ocupación profesional proporcionando información laboral (bolsas de emprego, INEM...)
- informarse sobre os aspectos humanos, científicos e técnicos profesionais
- proporcionarase un autocoñecemento persoal que lles facilite a toma de decisións no centro educativo e na súa posterior inserción ao traballo ou a outros estudos

O Medio Ambiente, será tratado directamente na aula e no entorno educativo polo que se propón:

- respecto ós criterios establecidos no centro educativo, optimizando a seguridade e hixiene tanto para os alumnos como para os usuarios dos nosos servizos
- responsabilidade en canto ao bo uso das instalacións e medios materiais, favorecendo un uso responsable das enerxías
- potenciar o reciclado dos residuos
- evitar a preparación de produtos químicos en exceso e no caso contrario facer unha eliminación correcta deles

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TICs

Diferentes obradoiros con casas comerciais

Exponor. Feira de oporto



--